

SESIÓN ORDINARIA DE 13 DE XULLO DE 2017

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:10 minutos do día 13 de xullo de 2017 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Jesús Fernández García, D^a María José Martínez Vigo, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D^a Luisa Meilán Lombao e D^a Juana Romero García e, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

D. D. Antonio López Pérez incorpórase no segundo punto da orde do día.

Excusan a súa asistencia D^a Tania Díaz Seijas e D^a Magdalena Ron Villar.

A concelleira de FLI, dona Juana Romero, excusa a presenza da súa compañeira, dona Magdalena Ron Villar, e roga ao Presidente que se cumpran as periodicidades das sesións plenarias acordadas no seu día a fin de facilitar a planificación da asistencia polos restantes concelleiros.

O voceiro do BNG solicita que, de ser necesario celebrar un pleno fora da periodicidade establecida, se avise con suficiente antelación aos restantes concelleiros, xa que é consciente que as veces as sesións non se poden cinxir a dita periodicidade, pero isto non obsta a que, nestes casos, se eviten inconvintes con un simple aviso.

O Alcalde afirma que isto sucede en poucas ocasións, pero que no presente caso a convocatoria da Comisión fíxose cunha antelación de unha semana respecto da celebración da sesión plenaria. Non obstante, asegura que se intentará axustar á periodicidade establecida na medida do posible.

Tanto o voceiro do BNG coma a Concelleira de FLI afirma que non se trata de respectar os prazos da convocatoria da sesión, que se da por suposto, senón que solicitan que nos supostos nos que a sesión non se vai axustar á periodicidade establecida, os concelleiros poidan coñecer con suficiente antelación cándo aproximadamente se celebrará o pleno a fin de organizarse no eido personal.

O Alcalde afirma que, sempre que as circunstancias o permitan, así se fará.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O Alcalde propón a aprobación da seguinte rectificación do inventario municipal:

“FINCA URBANA Nº 33

PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1 – 1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

NOME: PARCELA 1.5.2.1

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben patrimonial

Prescripción: Uso industrial

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CC1-1ª FASE (OUTEIRO DE REI)

Lindeiros:

Norte: Rúa interior do sector.

Sur: Rúa interior do sector.

Este: Parcela 1.5.3., propiedade do Concello de Outeiro de Rei.

Oeste: Parcela 1.5.2.2, resultado da presente segregación

SUPERFICIE: 3.492 m²m2.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: 3.492 m² m2 .

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Proxecto de Compensación do Plan de Sectorización CC1-1ª Fase (Outeiro de Rei), aprobado definitivamente con data de 13 de xuño de 2006, modificado mediante escritura de segregación e venda con pago aprazado emitida polo notario de Sarria, don Juan J. López Yáñez, con data de 11 de maio de 2017, e número de protocolo mil quinientos diez, en virtude do acordo de segregación e venda adoptado pola Xunta de Goberno Local con data de 30 de marzo de 2017,

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámite de inscrición.

FINCA URBANA Nº 78

NOME: PARCELA PARA AMPLIACIÓN DE APARCADOIRO PÚBLICO CEIP LAVERDE RUIZ

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: viario público

SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: Villa de Outeiro de Rei

Lindeiros:

Norte, parcela 3 de de Francisco Javier Meilán Devesa

Sur, parcela 1, Concello de Outeiro de Rei

Este, parcela 16 de Francisco Javier Meilán Devesa

Oeste, Luis Fernando Regueiro Otero

SUPERFICIE: 1430 m², dos cales 590m² teñen a natureza de solo rústico, e os restantes 840 teñen a condición de suelo urbano non consolidado.

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Compraventa acordada na sesión da Xunta de Goberno Local de data de 27 de abril de 2017, e elevada a escritura pública ante a Notaria de Lugo dona Monserrat Trigo Mayor o día 3 de xuño de 2017, número de protocolo setecentos noventa e cinco.

SITUACIÓN REXISTRAL:

En trámite de inscrición

Referencia catastral finca matriz: 2837202PH1723N0001FX

PORCIÓN VIAL Nº 180

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN AS LOMBAS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: AS LOMBAS

Lindeiros: Linda ao Norte, 3 de Arcadio Lombao Román; Sur, coa Parcela 4; Leste, coa finca matriz e polo Oeste camiño.

SUPERFICIE: 73,54 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 2 de febreiro de 2017. Procedente de la segregación de la parcela 5 do polígono 90.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 10465, Folio 6, Tomo 1121, Libro 91.

PORCIÓN VIAL Nº 181

SANTO TOME

NOME: PORCIÓN VIAL EN SAN TOME – SANTO TOME.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SANTO TOME

Núcleo/lugar: SAN TOME

Lindeiros: Norte, finca matriz; Sur, entrada; Leste, parcela 127 de María Luz Redondo Roibás; e Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 245,98 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 18 de maio de 2017. Procedente de segregación pa parcela 178 do polígono 33.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 182

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MEIDONIN – CELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: CELA

Lindeiros: Ó Norte e Oeste coa finca matríz; Sur, leira número 202 de Ana María Fernández Pena; Leste, camiño.

SUPERFICIE: 74 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de marzo de 2017. Procedente da segregación da parcela 343 do polígono 15.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 183

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MEIDONIN – CELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia:CELA

Núcleo/lugar: CELA

Lindeiros: Norte, leira número 209 de Eugenio Barreiro Martínez; Sur e Oeste coa finca matríz; Leste, camino.

SUPERFICIE: 92 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de marzo de 2017.
Procedente da segregación da parcela 342 do polígono 15.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 184

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN PAPE – SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: PAPE

Lindeiros: Norte, parcela 539 de José Manuel Fernández Castro; Sur, parcela 661;
Leste, camiño e polo Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 120,00 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de abril de 2017.
Procedente da segregación da parcela 538 do polígono 79.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 185

SOBRADA

NOME: PORCIÓN VIAL EN PIÑEIRO – SOBRADA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: PIÑEIRO

Lindeiros: Norte e Oeste coa finca matriz; Sur, estrada LU-115; Leste, parcela 75 de Manuela Lombao Picado

SUPERFICIE: 46,43 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de abril de 2017. Procedente da segregación da parcela 243 do polígono 8.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 186

CANDAI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CURRAS – CANDAI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CANDAI

Núcleo/lugar: CURRAS

Lindeiros: Norte coa finca matriz, Sur entrada a Piñeiro; Leste, leira número 48 de Carmen Varela Rodríguez ; e Oeste, parcela 2.

SUPERFICIE: 14,88 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 5 de maio de 2017. Procedente da segregación da parcela 30 do polígono 37.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: Finca 11594, Folio 203, Tomo 1171, Libro 105.

PORCIÓN VIAL Nº 187

CABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CABOI – CABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: CABOI

Lindeiros: Norte, coa finca matriz, Sur e Leste con camino e Oeste coa parcela 420.

SUPERFICIE: 50 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de setembro de 2.016. Procedente da segregación da parcela 421 do polígono 26.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 188

CELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN MEIDONIN – CELA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CELA

Núcleo/lugar: MEIDONIN

Lindeiros: Ó Norte coa finca matríz; ó Sur co camiño do Miño a Cela; ó Leste, con Félix Díaz Villadoniga; e ó Oeste, con Mercedes Novo Fompedriña e Elacio Pardo.

SUPERFICIE: 235 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de outubro de 2016. Procede da segregación da parcela 95 do polígono 15.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 10534, Folio 213, Tomo 1121, Libro 91”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor e catro abstencións, pertencentes aos concelleiros do BNG, PSdG-PSOE e máis FLI.

2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON DATA DE 26 DE XUÑO DE 2017, SOBORA DOTACIÓN DO PLAN MARCO DE CAMIÑOS RURAIS COS CONCELLOS

Iníciase o tratamento do presente punto da orde do día relativo á Moción presentada polo grupo municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 26 de xuño de 2017, “para instar á Xunta de Galicia que reconsiderere e mude a súa postura sobre a dotación do Plan Marco de camiños rurais cos Concellos”.

O Alcalde propón o tratamento de esta moción conxuntamente coa presentada polo grupo municipal do PSdG-PSOE con data de 8 de xullo de 2017, debido a súa sustancial coincidencia da materia a tratar.

Non xurdindo inconvinte polos restantes concelleiros, iníciase polo voceiro do grupo municipal do BNG a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

Proposición para instar á Xunta de Galicia para que reconsiderere e mude a súa postura sobre a dotación do Plan Marco de camiños rurais cos concellos.

Exposición de motivos:

A Consellaría do Medio Rural vén de comunicar aos concellos as previsións de investimento a través do denominado "Plan Marco de Mellara dos Camiños Rurais" para o período 2017-2018.

Segundo a información trasladada desde a propia Consellaría, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, dito Plan conta cunha dotación de 15.998.673 € para os dous anos e para todos os concellos do país.

Esta dotación supón unha forte redución de recursos para levar adiante, en colaboración cos concellos, investimentos necesarios no medio rural de Galiza.

Así, fronte ao antecedente inmediato, o Plan Marco de Mellara de Camiños Rurais para 2016, que contaba cunha dotación para un ano de 19.998.100 de euros, redúcense os fondos dispoñíbeis en máis dun 60% (61,54%). A Consellaría do Medio Rural recorta a asignación indicativa de 13 euros por habitante e ano no 2016 ata os 5 euros por habitante e ano para este período bianual.

Esta evolución negativa de fondos para o rural está inserida no desleixo que o Goberno da Xunta de Galiza amosa polo sector agrario no seu conxunto. As consecuencias desa falta de atención polas políticas rurais xa se denunciaron cando o Goberno presidido por Feijoo aceptou un notábel recorte nos fondos do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galiza, que conta cunha dotación económica un 20 por 100 inferior ao orzamento inicial do Programa do período precedente 2007-2013.

Estas reducións demostran ás claras que os investimentos para a mellora e desenvolvemento do medio rural NON son a prioridade para o Goberno do Partido Popular en Galiza, pois relega e mingua investimentos destinados a actuacións que inciden directamente na mellora dos equipamentos e infraestruturas no medio rural así como que potencian directamente a base produtiva do agro galego e o seu desenvolvemento. A corrección dos desequilibrios territoriais e fixación de poboación no ámbito rural tamén se verán seriamente afectados con estes recortes, contradicindo a filosofía do "Plan Único"

Outra das realidades demostradas con esta política e a posta ao descuberto da auténtica intención do Partido Popular con respecto á filosofía que acompaña ao Plan Único de Colaboración cos Concellos posta en práctica nas Deputacións de Pontevedra, Coruña e Lugo. A pasares dos "patéticos" esforzos por intentar "vender" este plan como unha proposta deste partido, a realidade que alí onde gobernan con maioría non só non o propoñen, senón que camiñan en sentido totalmente contrario.

Exemplo claro disto acontece na Deputación de Ourense, cun goberno do PP con maioría absoluta, e ande algo parecido a este plan único representa unha auténtica quimera.

Outro exemplo que evidencia este cinismo político é este recorte que agora impón a Xunta aos concellos con respecto aos camiños rurais, pois estanse a recortar fondos de reparto obxectivo aos concellos para logo facer unha distribución discrecional e "á carta" só a aqueles concellos que lles interese por motivos electorais, clientelares ou meramente por intereses e influencias políticas dos seus dirixentes.

Esta forma de actuar representa xusto a contraria da que se pretendía co Plan Único que o BNG propuxo para a Deputación de Lugo e que executou dende o goberno nas deputacións de Pontevedra e Coruña.

A realidade é teimuda e demostra que esta forma de repartir de xeito obxectivo os cartas públicos só se leva a cabo naqueles lugares ande existen gobernos que depende dos votos do BNG, actuando en sentido contrario nas institucións onde estes mesmos partidos gobernan con maioría absoluta.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta PROPOSTA, propoñendo a adopción dos seguintes

Acordos:

1. Instar ao Goberno Galego a:

a) Incrementar a dotación do Plan Marco de Camiños Rurais cos Concellos, deixándoa como mínimo igual que estaba en anos anteriores.

b) Dotar dito Plan dun orzamento plurianual, que asegure investimentos de xeito sostido e progresivo en colaboración cos concellos.

e) Avanzar cara a distribución dos fondos públicos por criterios obxectivos, desterrando os repartos á carta e clientelares.

2. Trasladar este acordo ao Presidente do Goberno Galego”.

Engade que a Xunta está a desandar o camiño andado por outras Administracións no reparto obxectivo dos recursos públicos, como é o exemplo da Xunta de Galicia na provincia de Lugo, no que o sr. Balseiro convoca axudas de até un millón de euros no que o criterio de reparto é a orde de entrada no rexistro, polo que aqueles concellos que saiban cando se abre o prazo, serán os beneficiarios das achegas.

Este retroceso nos principios de igualdade e obxectividade afonda nunha administración clientelar que debemos erradicar por antidemocráticos.

Critica que algún partido, cando esté na oposición, apele ao reparto obxectivo dos fondos e, cando goberna, faga exactamente o contrario do que predica.

Rematada polo voceiro a defensa da moción presentada polo BNG, toma a palabra a voceira do PSdG-PSOE, quen defende a moción presentada polo seu grupo con data de 7 de xullo de 2017, e do seguinte teor literal:

“Dona Luisa Meilán Lombao, na súa condición de Voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, comparece e como mellor en Dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

Moción do grupo municipal socialista para instar á Xunta de Galicia á mellora e incremento económico dos plans de mellora de camiños municipais

Exposición de motivos:

Dende hai varios anos as axudas para a mellora de camiños de titularidade municipal artéllanse a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

Este organismo dependente da Xunta de Galicia, encargado do fomento e coordinación do territorio rural galego, ven realizando un reparto obxectivo destas axudas en función dunha serie de criterios consensuados coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Na aplicación dunha partida orzamentaria que procura como fin último a mellora das condicións de vida e traballo no medio rural a través da cohesión social e territorial, dende o Grupo Provincial Socialista atopamos varias incoherencias de alto impacto:

- O importe total das axudas a repartir: no 2017 tanto en Galicia como na provincia de Lugo atopámonos cun descenso do 61,71% con respecto ao 2016. No concello de Outeiro de Rei, a redución das axudas é de 55.464,50 € (o 61,85% menos que no 2016).

- Que estas axudas se tramiten a través de Agader, unha Axencia desprestixiada por parte do goberno do Partido Popular ano tras ano, e que ten que recorrer aos seus escasos fondos propios para atender este plan, indica claramente a importancia que lle asigna a Xunta de Galicia ao noso medio rural.

Estes puntos aportan a claridade suficiente como para entender as prioridades no reparto de fondos que o goberno galego nos ten acostumados: evitar os criterios obxectivos e equitativos en prol dun reparto clientelar.

Tendo en conta que moitos dos concellos da provincia de Lugo soamente reciben para a mellora de infraestruturas esta axuda por parte da Xunta de Galicia, dende o Grupo Municipal Socialista consideramos que un plan creado para facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio a través da mellora de camiños, debería contemplar as medidas económicas suficientes como para atender dun xeito coherente a situación actual do noso rural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes

Acordos

1) Instar á Xunta de Galicia para que incremente a contía das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais, asegurando a lo menos, e en cada anualidade (2017 e 2018), o mesmo importe das axudas concedidas no 2016.

2) Instar á Xunta de Galicia a que en vindeiras anualidades atenda a capacidade orzamentaria deste plan dun xeito prioritario”.

Neste intre incorpórase á sesión o concelleiro don Antonio López.

A voceira do grupo municipal de FLI manifesta a súa coincidencia coa exposición dos voceiros de BNG e PSdG-PSOE.

O voceiro do grupo municipal do PP, en relación á actuación da Deputación, espera que sexa así, xa que a subxectividade no reparto dos fondos provinciais nos oito anos nos que Besteiro foi o Presidente da Deputación foi brutal.

E recorda que até dous anos, os únicos fondos provinciais que recibiu o Concello de Outeiro de Rei foi de menos de 15.000 euros polo POS, menos de 9000 en servizos sociais, e 3000 euros para a feira de artesanía.

É dicir, o Concello de Outeiro de Rei, durante os oito anos de goberno do PSOE de Besteiro máis o BNG na Deputación, percibía por todos os conceptos menos de 25.000 euros anuais, nun exercizo de arbitrariedade sen precedentes.

E a Deputación, se non realiza un reparto obxectivo dos fondos entre todos os concellos, sobran, xa que carecen de outra razón de ser. De feito, se mañana desapareceran as Deputacións, os cidadáns non se enterarían, xa que non prestan servizos directamente á veciñanza.

En relación ás axudas da Xunta de Galicia, recorda que o rexistro da Xunta o xestionan os funcionarios, polo que non se pode por en duda a obxectividade da orde de presentación das solicitudes.

Recorda que o Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular implantou un Fondo de Cooperación Local fai uns vinte anos que distribúe os fondos de xeito absolutamente obxectivo e sen impoñer finalidade nin xustificación algunha do gasto, e que para este concello reporta este ano 270.000 euros.

O Plan Provincial, por outra banda, ten un orzamento total de 20 millóns de euros sobor un orzamento de 90, polo que aínda queda moito recorrido.

E non é de recibo que o BNG faga seu o Plan Provincial Único, xa que soamente dispón de dos deputados de 25.

Non pode esquecerse que, a diferenza da Deputación Provincial, a Xunta ten que prestar unha morea de servizos, coma a sanidade ou a educación, polo que o financiamento autonómico debe dirixirse prioritariamente á prestación dos servizos da súa responsabilidade. E a pesar de elo, así como das restriccións orzamentarias derivadas da enorme crise económica causada pola esquerda, segue a axudar aos concellos nas medidas das súas posibilidades.

Polo tanto, non pode apoiar esta moción, xa que é electoralista e se limitan a predicar o contrario do que fan.

A voceira do PSdG-PSOE, afirma que non se pode xustificar todo continuamente dende o pasado. Agora debemos mirar carón o futuro e carón o reparto obxectivo dos fondos da Xunta e máis da Deputación.

Tamén afirma que é certo que hai recortes, e por iso debemos priorizar, e os camiños son unha prioridade xa que se empregan todos os días.

O Alcalde non discute que a inversión en camiños sexa necesaria, pero hai outras cousas necesarias e os cartos tense que repartir entre todas estas necesidades, como pode ser, a título de exemplo, a concentración parcelaria.

O voceiro do BNG dí estar de acordo con algunha afirmación do Alcalde, coma a cuestión da razón de ser das Deputacións. Non obstante, namentres as deputacións estén ahí, teñen que empregarse da mellor forma posible.

Os recortes existen e debe priorizarse, agora ben, o Presidente da Xunta prioriza subíndose o soldo o 14%, porcentaxe que non subiu os salarios dos traballadores de este país. Tamén hai cartos para sacar líneas de axudas ás grandes empresas. Pero para o rural non hai, e tampouco para que Lugo teña un trato igualitario que Coruña ou Pontevedra.

Polo tanto os recortes non son para todos nin para todo, e soamente caen sobor os curritos.

O Plan Provincial Único é un proxecto do BNG para todo o País forxado dende fai tres anos, e así acordouse en Coruña e Pontevedra e, en base a este proxecto, impúxose en Lugo ao actual goberno.

Pero o que non pode ser, e de isto vai esta moción, é que os cartos da Deputación se repartan de xeito obxectivo, e os da Xunta de Galicia de xeito arbitrario.

De continuar así as cousas, o que terá que facer a Deputación será distribuir os fondos tendo en conta a totalidade das transferencias recibidas por cada concello dende as restantes Administracións Públicas.

O Alcalde afirma que non lle parece ben aquilo que implique unha merma de ingresos ao Concello. Agora ben, cando esto sucede, intenta buscar as razóns e analizar se son razoables. E no presente caso é razoable debido á necesidade de atender a outros gastos de importancia equivalente.

Por outra banda, a responsabilidade do BNG na xestión arbitraria da época de Besteiro é innegable, xa que formou parte do goberno da Deputación durante todos esos anos.

No tocante aos salarios é previsible, xa que cada vez que goberna a esquerda a economía resíntese e quen o sofre son os asalariados. E así, a primeira vez que gobernou a esquerda deixou 2 millóns de parados e a segunda, 4 millóns. E os que tanto critican de axudas aos bancos, son os que logo nos seus consellos de administración empregaban as tarxetas black.

E ou se deixa que un banco quebre e se deixa que os depositantes e accionistas perdan os cartos, ou ben se intevén o banco a cambio de outorgar soporte financeiro.

No que atinxe aos salarios do Presidente da Xunta ou do Goberno, son salarios relativamente baixos en atención ás súas responsabilidades.

Conclúe que a moción é unha moción demagóxica, que pretende que se fagan cousas que non fixo o BNG cando gobernou, nen na Xunta, nen na Deputación.

Rematado debate, sométense a votación as mocións de xeito conxunto.

Realizada a votación, as mocións resultan aprobadas con catro votos a favor e sete en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON DATA DE 26 DE XUÑO DE 2017 PARA DOTAR DUN CENTRO DE DÍA NO MENOR PRAZO POSIBLE

O voceiro do grupo municipal do BNG, inicia a defensa da moción presentada perante o rexistro do concello con número 2296 e do seguinte teor literal:

“Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

Proposición para o concello de Outeiro comece os trámites necesarios para dotar ao concello dun centro de día no menor prazo de tempo posible

Exposición de motivos:

Non é ningunha novidade nin se está a descubrir nada novo cando se di que o problema do envellecemento da poboación é un das máis graves cuestións que ensombrece o futuro donoso país.

O caso do concello de Outeiro de Rei non se escapa a esta circunstancia e xa a día de hoxe este concello ten unha poboación moi envellecida, sendo as expectativas de futuro aínda moito máis negras. Neste momento xa máis da cuarta parte da poboación supera os 65 anos e dentro dun tempo esta cifra aumentará considerablemente.

Tampouco supón ningunha novidade o baixo nivel de servizos existentes para as persoas maiores que ofrece o noso concello, limitándose estes a un Servizo de Axuda no Fogar, sufragado na súa maior parte por outras administración, algunha excursión, cursos sen ningunha relación ceas súas necesidades ou expectativas das persoas maiores así como levalos a comidas de xubilados de cando en vez.

En definitiva, ningún servizo que realmente lles solucione os problemas que se poden derivar da súa situación de persoas deidades xa bastante avanzadas ou da situación de dependencia de terceiros que poidan ter. Tampouco se oferta nada relevante que lles axude no seu traballo ás persoas máis xoves que en moitos caso se teñen que facer cargo do seu coidado.

Afondando nestas carencias, vese que Outeiro de Rei é un dos poucos concellos de toda a contorna que non ten ningunha residencia de maiores pública ou que carece totalmente dun centro de OIA, tendo que facer uso cando se necesita dos centros existentes neutros concellos veciños. A única residencia existente no concello é unha residencia privada, que se pode cualificar como "llde luxo" e a cal moi poucas persoas do concello poderían pagar coa súa pensión.

Dificultades para conciliar o coidado dos maiores coa vida laboral

Estas graves carencias causa uns prexuízos realmente graves para as persoas maiores que os necesitarían ou que non poden pagar os prezos que as empresas privadas poñen a este tipo de negocios. Pero estes prexuízos non se quedan aquí, pois tamén causan moitísimos problemas para a xente máis nova que son responsábeis destas persoas maiores e que en moitos casos resúltalle imposíbel conciliar o seu coidado co traballo que deben realizar.

Esta situación agrávase debido aos baixos salarios e a precariedade manifesta existente no mundo laboral que nos impuxeron os distintos gobernos que pasaron por Madrid nos últimos anos. Esta situación provoca que moi poucas persoas mozas poidan pagar un salario a outra persoa para que quede coidando a seu pai ou a súa nai ou que se poida permitir solicitar unha redución de xornada que levaría consigo a conseguinte redución proporcional de salario.

Se a isto lle sumamos as miserentas pensións que ten a maioría dos xubilados do noso concello, a maioría delas baseadas nas pensións mínimas derivadas do réxime especial agrario, o resultado está servido: Non se poden pagar as residencias privadas nin tampouco se pode ter acceso a sistemas alternativos.

Ausencia de centro de día

Mentres que na maioría dos concellos da provincia se foron construíndo residencias de terceira idade, ben fora de nivel comarcal a través da Xunta ou ben máis locais a través da Deputación, o concello de Outeiro non se incluíu en ningún destes programas.

Pero aínda é peor, pois os cancellos veciños que non teñen residencia, polo menos si se uniron a algún dos proxectos de centros de DIA xestionados por administracións públicas, como puido ser a rede de centros do Consorcio Galego de Servizos Sociais, dependente da Xunta de Galicia.

En Outeiro, nin unha causa nin a outra. Se algunha persoa necesita levar a unha persoa maior a un centro deste tipo durante a xornada laboral para poder compatibilizar a vida familiar coa laboral, tena que facer nalgún concello veciño, sempre que alí exista praza.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta PROPOSTA, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

Que o concello de Outeiro de Rei comece os trámites oportunos para dotar a este concello o antes posible dun centro de DIA para uso das persoas do concello”.

Rematada a defensa, a voceira de FLI afirma compartir a proposta contida na moción, que coincide co programa electoral da súa candidatura, por ser moi necesario.

A voceira do PSDG-PSOE, apoia o contido da moción, e pregunta ao Alcalde porqué non se preocupa por crear un centro de día no concello. Considera que o Goberno municipal está a impulsar proxectos que son moito menos necesarios que o Centro de día, coma a ampliación da escola infantil ou a concentración parcelaria, cando a agricultura xa desapareceu neste concello.

A concelleira do PP, dona Bogoña Seco Varela, discrepa da afirmación da voceira do PSDG de que a concentración parcelaria non é importante, xa que a produtividade do agro é fundamental para a fixación de poboación no rural e para a conservación ambiental.

O Alcalde refrenda este parecer, e recórdalle que co minifundismo é imposible acadar unha explotación do agro viable e, polo tanto, que o campo sexa un nicho de emprego e acadar condicións dignas para as persoas que viven nel.

Voltando á moción, informa que no centro xeriátrico existen 27 prazas concertadas de centro de día, se ben reconece que son insuficientes, motivo polo cal dende fai tempo que plantexou perante a Xunta a necesidade de promover un centro de día público.

Este goberno está traballando actualmente para buscar os apoios necesarios para a implantación do centro de día, motivo polo cal poden apoiar a moción sempre que se introduzan as seguintes modificacións na parte dispositiva, de xeito que diga:

“Que o concello de Outeiro de Rei continúe cos trámites para a creación dun centro de día ou un centro social ou da terceira idade”.

O voceiro do BNG recorda que, no goberno do bipartito, o Concello tivo a ocasión de acadar un centro de día no termo municipal adheríndose ao programa do Consorcio galego polo benestar, e non o fixo a pesar de que o funcionamento de estos centros é modélico.

Insiste en que o termo municipal de Outeiro de Rei, polas súas características demográficas, require de un centro de día que permita afondar na conciliación familiar, conciliación na que se avanzou moito cos cativos, pero que está coxa na conciliación nos cidadados coa poboación maior.

Afirma ser consciente que para a implantación dun centro de día débese contar coa colaboración de outras Administracións, e para iso débese facer política e tamén débese priorizar o investimento dos fondos municipais. E neste punto coincide coa voceira do PSDG que hai partidas no orzamento que se adican a proxectos que non deben priorizarse con respecto a un centro de día.

Remata aceptando a proposta de enmenda ofrecida polo Alcalde e espera que o concello dispoña de centro de día pronto.

A voceira de FLI respalda a moción e espera que poda chegar a implantarse o centro de día neste concello.

A voceira do PSdG-PSOE, aclara que se ben a concentración é interesante, neste concello a concentración propúxose en parroquias onde xa non existe a agricultura, motivo polo cal chega tarde.

O Alcalde discrepa, e afirma que a concentración é interesante, mesmo no sector forestal, e por iso parécelle ben que a Xunta adique os cartos á concentración forestal, aínda que sexa reducindo as partidas para camiños.

Recorda que os nosos concellos dispoñen do servizo de centro de día a distancias razoables, e incluso menores a moitos veciños que residen en concellos que xa dispoñen de un.

E tamén recorda que os veciños que non acadan prazas nun centro de día e teñen dereito a él, poden acadar unha libranda da Xunta para acudir ás prazas privadas do centro existente.

Insiste que xa fai sete anos fíxose unha encuesta neste concello a 152 persoas maiores acerca da necesidade dun centro de día, e dende aquela o concello está a estudar a fórmula para implantar o servizo e buscando os apoios das outras Administracións, e para iso se está a xestionar agora a busca dun local para a súa posta a disposición á Xunta de Galicia para a implantación do centro.

Desminte que durante o goberno do bipartito a Xunta ofrecese a este concello a creación de un centro de día. Este ofrecemento nunca se produxo.

E informa que os custes para os concellos das aportacións ao sostemento dos centros pertencentes ao consorcio son moi elevados. No caso das escolas infantís, a aportación municipal é incluso superior ao custe da xestión directa municipal, e non funcionan mellor. Polo tanto, se economicamente é máis caro e a xestión está máis alonxada do eido local, non é a mellor opción.

Tamén desminte que a construción e a ulterior ampliación da escola infantil fose financiada exclusivamente polo concello, xa que ambas actuacións foron maioritariamente financiadas pola Xunta de Galicia.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita coa enmenda proposta polo voceiro do Grupo Municipal do PP.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, dos seguintes rogos:

Rogo presentado polo grupo municipal do BNG con data de 13 de xullo de 2017, e do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte ROGO, para a súa atención por parte da Alcaldía.

Exposición de motivos

Poucos sitios como Outeiro de Rei para observar o amor, o cariño que as xentes senten pala terra. E non só no sentido de posesión, do lugar dos devanceiros, senón

tamén como espazo a cultivar, extraendo os froitos que se conseguen. As orixes, a tradición, alén doutros factores, teñen unha influencia decisiva.

Para calquera que chega ao naso concello, unha das primeiras impresións é a que se recibe ao contemplar a paisaxe. As nasas carballeiras, os nasos bosques de ribeira,... non deixan impasible a ninguén.

Un dos grandes tesouros de Outeiro de Rei son as árbores senlleiras, exemplares considerados auténticos tótems polo seu porte e pola súa antigüidade. Árbores que son referentes imprescindibles para coñecer e achegarse ao naso patrimonio natural.

Un dos nasos obxectivos é achegar a natureza á poboación, para que así poida ser coñecida en maior profundidade e polo tanto máis querida e máis respectada, pois non esquecemos o famoso dito de que "soamente se ama o que se coñece".

Somos coñecedores que neutros concellos e neutras comunidades autónomas hai rutas turísticas en torno a estes elementos naturais, é dicir que non só teñen importancia no eido ecolóxico e social, senón tamén no económico.

Por todo o anterior, dende o Grupo Municipal do BNG en Outeiro de Rei presentamos ante a Alcaldía e diante do Pleno municipal e o seguinte ROGO:

Que o concello proceda á elaboración pormenorizada dun catálogo das árbores senlleiras existentes no concello, para que dese xeito se poidan conservar e poñer en valor".

Rogo presentado polo grupo municipal do BNG con data de 13 de xullo de 2017, e do seguinte teor literal:

"Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Reí, ao abeiro da lexislación vixente, presentan o seguinte ROGO, para a súa atención por parte da Alcaldía.

Exposición de motivos:

Na resolución do 10 de marzo de 2017 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas illadas en zonas rurais para a contratación de servizos de banda tonga ultrarrápida, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do POR de Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (procedemento administrativo PR604A). Di textualmente:

"No contexto da Estratexia Europa 2020, a Axenda dixital para Europa establécese como o marco en que acodar en 2020 un acceso xeneralizado á internet a velocidades de, polo menos, 30 Mbps e que a metade dos cidadáns teñan contratados servizos de, polo menos, 100 Mbps.

A nivel estatal, o Goberno de España aprobou no ano 2013 a Axenda dixital para España como marco de referencia para establecer unha folla de ruta en

materia TIC e de Administración electrónica e articular a estratexia nacional para acadar os obxectivos da Axenda dixital para Europa.

Así mesmo, a Xunta de Galicia aprobou o 30 de abril de 2015 a Axenda dixital de Galicia 2020, que toma como punto de partida os esforzos realizados nos catro últimos anos a través da Axenda dixital de Galicia 2014.ga/. A aprobación da Axenda dixital de Galicia 2020 veu precedida da aprobación da Estratexia galega de crecemento dixital, o que reafirmou que as novas tecnoloxías constitúen unha prioridade estratéxica vital para a competitividade de Galicia.

No entanto, debido ás características do tecido produtivo galego, moi disperso xeograficamente e no cal predominan as pequenas empresas, existen barreiras á contratación de servizos axeitados de banda tonga ultrarrápida, o cal deriva en problemas de competitividade e a perda gradual de oportunidades de emprego. Esta problemática do acceso desigual á banda tonga ultrarrápida entre o tecido produtivo galego require da articulación de medidas específicas que atollen a situación."

Con este texto comeza a subvención convocada pola Xunta de Galicia, publicada no DOG do 20 de marzo de 2017. No que a solución da Xunta é que a empresa que queira dispar de banda tonga ultrarrápida pague a súa instalación.

Neste texto admítase que hai unha fenda dixital tremenda entre as cidades e o medio rural, mais unha vez vemos como os veciños do naso concello, eminentemente rural, non teñen os mesmos servizos que nos concellos mais urbanos.

Desgraciadamente as grandes multinacionais das comunicacións, non prestan a atención necesaria para que a internet chegue a todos os habitantes por igual, ao rural sempre chegan tarde ou nunca as posibilidades de ter un servizo de internet do século XXI.

No naso concello pola súa cercanía á cidade de Lugo, debera resultar máis doado estender un servizo de banda ultrarrápida. Na actualidade a situación é que a internet a través de liña telefónica non chega a todo o municipio, e as velocidades as que chega, son velocidades que xa quedan obsoletas. Non hai estendida unha rede de fibra óptica axeitada, hai parroquias nas que os teléfonos por cabo son moi poucos, e a cobertura de móbil 4G que permite unha velocidade aceptábel de conexión a internet non cubre todo o naso territorio, habendo moitas vivendas que non dispoñen de este tipo de cobertura.

E a solución da internet por satélite, é ademais de máis cara de moi inferior calidade.

Na actualidade hai tecnoloxía e opcións abando para buscar solucións, podemos ler na prensa como hai países onde se distribúe polo tendido eléctrico, tamén se podería estender a fibra óptica utilizando os mesmos postes da luz ou do alumeadado (en algunhas comunidades do Estado están valorando esa posibilidade a través de convenios entre empresas eléctricas, de telecomunicacións e administracións)

Tamén se poden instalar antenas de radio frecuencia que fan de enlace dende un punto con internet ultrarrápido e as vivendas ou pequenas empresas ou explotacións agro-gandeiras, ben sexa unha rede municipal ou a través dunha empresa de telecomunicacións.

Para que este pleno do Concello se poida pronunciar para acometer as xestións oportunas, diante das empresas de comunicación, e administracións competentes, co fin de que a fenda dixital desa pareza e teñamos igual servizo a igual prezo que nas cidades, necesitaremos coñecer cal é a situación da cobertura de internet e telefonía por cabo ou móbil 4G (que nas cidades xa están comezándoa implantar o SG), de todos os núcleos de poboación, e as posibilidades para que a internet de banda longa ultrarrápida chegue canto antes a todas as casas e empresas do noso concello.

Por todo o anterior, dende o Grupo Municipal do BNG en Outeiro de Rei presentamos ante a

Alcaldía e diante do Pleno municipal e o seguinte ROGO:

- Que por parte do concello se acometa a elaboración dun estudo, parroquia a parroquia, da situación actual do servizo de internet que existe, ben sexa dende o concello, mediante enquisas aos veciños, ou ben a través dunha empresa
- Elaboración dun plan estratéxico de implantación da banda longa en todo o concello .
- Iniciar as xestións oportunas diante de empresas de telecomunicacións, Xunta de Galicia, Deputación, e empresas de subministracións eléctricas (se fose o caso) para poder levar a cabo as accións necesarias para eliminar a fenda dixital no noso concello.”

Neste tema, o Alcalde afirma que xa fai bastante tempo que se traballou neste asunto, se ben os problemas xurdiron na colocación das antenas. Seguirase a traballar neste asunto.

A continuación, o Secretario da lectura ao seguinte escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con data de 13 de xullo de 2017, e do seguinte teor literal:

“Pregunta para a contestación por parte da alcaldía sobre a situación e accesibilidade dos desfibriladores portátiles existentes no concello:

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte pregunta, para a súa resposta por parte da Alcaldía no Pleno correspondente

Exposición de motivos:

A morte súbita é a aparición repentina e inesperada dunha parada cardíaca nunha persoa que aparentemente se atopaba san e en bo estado, sendo a principal causa é unha arritmia cardíaca chamada fibrilación ventricular.

As medidas de reanimación cardiopulmonar poden conseguir en moitos casos que a arritmia desapareza e o paciente se recupere. É moi importante saber que o pronóstico dos pacientes que sofren unha morte súbita depende fundamentalmente do tempo que transcorre entre que o corazón se detén e se aplica unha desfibrilación. Calcúlase que por cada minuto de demora existe un 10% menos de posibilidades de que o paciente se recupere.

Hoxe en día podemos atopar desfibriladores portátiles automáticos por pouco máis de 1.000 €.

Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG presenta ante este Pleno Municipal a seguinte pregunta:

¿Dispón o Concello dalgún desfibrilador portátil? De ser afirmativa a resposta:

¿En que lugares do concello e baixo que supervisión e facilidade de acceso se atopan?

No caso de ser negativa:

¿Prevé o concello a súa adquisición para ir dotando deses aparellos ás principais instalacións municipais ou aquelas onde adoita concentrarse máis xente (campo de fútbol, pavillón de deportes, casa da cultura, ...)?”.

O Alcalde resposta que neste momento dispónse de un desfibrilador, se ben por falta de formación do personal non funciona. Dentro de este ano proponse dispor de varios desfibriladores: no pabellón de deportes, no campo de fútbol, e posiblemente na casa da cultura, e para iso efectuarase a formación necesaria.

ASUNTOS DE URXENCIA: Integración do Concello de Outeiro de Rei no futuro Consorcio de Turismo Lugo-Terra

O Alcalde propón a votación da urxencia da seguinte proposta de resolución:

“A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, no seu Título III (Dos recursos, da organización e da calidade turísticos) crea no seu artigo 23 a figura dos Xeodestinos turísticos, entendendo por tales as áreas ou os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular.

Tamén prevé o citado artigo que a Consellería competente en materia de turismo, no exercicio das súas competencias de planificación, ordenación e fomento da actividade turística, poderá definir e crear denominacións de xeodestinos turísticos, previa consulta cos concellos e coas entidades supramunicipais interesadas que terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica.

De conformidade co anterior, o Concello de Outeiro de Rei atópase encadrado na área delimitada do Xeodestino Lugo-Terra Cha

Os concellos da área delimitada no Xeodestino Lugo-Terra Cha teñen a intención de promover a creación do Consorcio de Turismo Lugo-Terra Cha para a súa axeitada Xestión.

Polo tanto, e de acordo co establecido no artigo 151 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia en relación cos artigos 137 e seguintes da citada lei propoño que a Corporación municipal, pola maioría absoluta dos seus membros, adopte o acordo de inicio dos trámites para a integración do Concello de Outeiro de Rei no futuro Consorcio de Turismo Lugo-Terra Cha designando a José Pardo Lombao representante da Corporación na Comisión Xestora”.

Esta Comisión Xestora ostentará a representación do grupo de municipios ata a definitiva constitución dos órganos de goberno do Consorcio e encargarse da tramitación do correspondiente expediente”.

Non xurdindo debate acerca da urxencia, sométese a votación a declaración da urxencia da proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposición declárase urxente pola unanimidade dos membros presentes.

A continuación, sométese a debate a proposta de resolución.

Non xurdindo debate sobor a proposta de resolución, sométese a votación a aprobación da proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta de resolución resulta aprobada por maioría absoluta, co voto a favor da unanimidade dos membros presentes.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo á quince horas do día expresado no encabezamento, da que eu, Secretario, extendo o presente acta co visto e praxe do Alcalde.

Asdo.: O Secretario

VºPº; O Alcalde